



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Ribeiro, 28 - 32431 Beade (Ourense)

Telf.: 988 480 034 Fax: 988 480 075 Correo electrónico: info@beade.es

BANDO

D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, Alcalde-Presidente do Concello de Beade (Ourense),

FAI SABER

Que o Concello de Beade adheriuse ao proxecto de dixitalización da xestión municipal do ciclo da auga “OU-intelixente: a provincia da auga”, un proxecto promovido pola Deputación de Ourense e cofinanciado con Fondos Next Generation asociados ao PERTE de dixitalización da auga.

Unha das actuacións prioritarias que contempla o antedito proxecto é a de implantación de contadores intelixentes domiciliarios para concellos de menos de 20.000 habitantes.

A citada actuación de substitución dos contadores existentes comezará en Beade o próximo mércores, día 6 de agosto, e terá carácter gratuito.

É por iso que se roga aos veciños que faciliten, na medida das súas posibilidades, a actuación dos técnicos que acudan ao concello.

O ALCALDE,

Asdo.: Fernando Taboada Guntín.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE.

